

O día 23 de febreiro cúmprense 186 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un dos piares imprescindibles no Rexurdimento poético da nosa lingua e para celebralo faremos unha homenaxe a través dun *Concurso Artístico de Creación Propia*. Para a elaboración destas creacións partiremos de textos da autora que atoparedes na rede e libros da biblioteca.

BASES

PARTICIPANTES: Todo o alumnado de ESO e Bacharelato.

TIPOS DE CREACIÓNS:

- Haikus, catro composicións.
- Un cómic, máximo 3 folios a unha cara relacionado coa biografía da autora.
- Relato, máximo unha cara dun folio.
- Peza de teatro breve, dous folios a unha cara.
- Debuxo, un folio ou unha lámina.
- Un colaxe, un folio.
- Calquera traballo manual que estea relacionada co autora

PRAZOS E FASES DO CONCURSO:

- As creacións deberán estar en formato dixital, excepto o cómic, o debuxo, colaxe e traballo manual.
- Irán asinados cun pseudónimo d@ autor/a.
- Meteralo nun sobre aberto que levará escrito, na parte frontal, o pseudónimo.
- Dentro do sobre debes incluír, tamén, un papel, perfectamente dobrado, no que apareza o teu nome e o teu curso de referencia.
- O sobre depositaralo nunha caixa de correo habilitada, na biblioteca, para este fin.
- No caso do traballo manual, irá asinada co pseudónimo e depositarase nunha mesa que se porá para tal fin. O sobre cos datos da persoa que a fixo, tamén se depositará na caixa.
- A caixa estará dispoñible dende o venres 10 de febreiro ata o xoves 23 de febreiro, ambas datas incluídas.
- Un xurado formado por profesores de diferentes departamentos, seleccionará os traballos gañadores.
- A entrega de premios será o mércores 1 de marzo, durante o recreo, na biblioteca.

PREMIOS:

- Primeiro premio, á mellor creación artística.
- Segundo premio, á mellor creación artística.
- Terceiro premio, á mellor creación artística.

